

REDONDELA E O MAR

PLAN PROXECTA

IES MENDIÑO - REDONDELA



Introdución



José Antonio Orge

O mar sempre estivo presente na vila de Redondela, non só paisaxisticamente, senón tamén porque boa parte da súa poboación traballa en oficios vencellados a este sector. O mar aparece na toponimia, na historia (Rande, San Simón...), incluso o noso centro está situado nunha zona de marisma desecada.

O programa educativo da Consellaría en colaboración co ILG sobre "Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional" permitiunos levar a cabo un proxecto interdisciplinar que conseguiu que diferentes departamentos traballásemos de xeito conxunto, e todos na procura duns mesmos obxectivos: implicar o alumnado e as familias no coñecemento da contorna, do pasado de Redondela en relación ao mar e valoralalo como patrimonio histórico, etnográfico, antropolóxico, cultural, económico e lingüístico.




Visita á Praza de Abastos



Visita a Meirande



Visita ás Illas de San Simón e Santo Antón



Toponimia vencellada ao mar

Orientamos o traballo á ESO, fundamentalmente a 3º e 4º. Participaron os departamentos de Bioloxía e Xeoloxía, de Plástica, de Xeografía e Historia, de Relixión e de Lingua Galega, os cales aproveitaron certos aspectos do temario para presentaren cuestións vencelladas ao tema proposto.

Metodoloxía




- Traballos de investigación na contorna de carácter histórico: a praza de abastos de Redondela antes e agora.
- Traballos de investigación científica, como a elaboración dunha ficha para coñecer as especies capturadas na zona e as comercializadas na praza de abastos de Redondela.
- Traballos de carácter antropolóxico: entrevistas dos rapaces e rapazas aos seus avós, avoas, nais, pais... nas que lles contaban como vivían, como traballaban o mar, que actividades laborais relacionadas con el había antigamente e agora desapareceron...
- Traballos de carácter lingüístico: recollida de léxico marítimo referente a aparellos e artes de pesca, partes dunha gamela, partes dun barco de baixura, fraseoloxía, a partir de cuestionarios facilitados polo ILG.
- Utilización de fontes escritas e audiovisuais: libros, notas antigas de prensa, documentais... para a realización de todos estes traballos.
- Charlas e encontros con investigadores locais e outros persoeiros expertos nestas cuestións: Carlos Antuña Souto, membro do SEREN, que falou sobre a orixe e función das confrarías de mariñeiros, en concreto da nosa San Xoán de Redondela; José Antonio Orge Quinteiro, membro tamén do SEREN, que falou sobre da historia das illas de San Simón e Santo Antón; Alberte Román, quen ofreceu unha charla sobre do medio natural da enseada de San Simón; e mesmo puidemos ter connosco a Xurxo Souto, quen contou historias que falaban de mariñeiros e cantou cancións que nos unen como pobo mariñeiro que somos.

Resultados

- Entrevistas realizadas polo alumnado a mariscadoras, mariñeiros de altura e baixura, un calafate, peixeiras, traballadoras de conserveiras, etc.
- Saída á praia de Cesantes para observar o traballo das mariscadoras "in situ" e logo facer arte con elementos mariños (pequenas rochas, algas, a mesma area...).
- Saída do alumnado á praza de abastos, onde tomaron contacto coas peixeiras e os produtos mariños que venden.
- Elaboración de bandas deseñadas a partir da cantiga de Mendiño.
- Realización dunha xornada medioambiental de recollida de lixo no centro para transformalo posteriormente en obras artísticas relacionadas co mar.
- Exposicións de traballos artísticos vencellados ao mar.
- Número monográfico dos nosos *Cadernos Gastronómicos* dedicado ao tema tratado.
- Elaboración de traballos audiovisuais, gañadores do 1º e 2º premio do concurso Jules Verne de traballos de investigación en lingua galega.
- Realización dun traballo sobre os vínculos entre a relixión e o mar na parroquia de Cesantes.



Mariscando



Cadernos gastronómicos




Al Rexe de here amigo



Exposicións



Arte na praia



Banda deseñada

Colaboradores e agradecementos

- * ILG
- * Asociacións Culturais Redondelás: Seminario de Estudos Redondeláns (SEREN), Alén Nós, Artelixo
- * Concello de Redondela



J. Antonio Orge (SEREN)



Carlos Antuña (SEREN)



Xurxo Souto


12. Como se chama a embarcación pequena de fondo plano, coa proa triangular e a popa chatá?

Resposta	Clase de palabra	Definición
CHALANA	subs. fem.	Pequena embarcación de fondo plano, a remo, pola avant con proa triangular e popa aguada, que se usa sobre todo nos servizos de porto e nalgúns tipos de pesca.
GAMELA	subs. fem.	Pequena embarcación que se usa na pesca de balnear e como barco auxiliar doutro maior, servizos de fondo plano, chata na proa e na popa, que pode ser movida a remo. Aínda que tamén pode levar vela ou un pequeno motor.
CHALUPA	subs. fem.	Pequena embarcación con cuberta e dous paos.
DORNA	subs. fem.	Embarcación con quilla alta e cadernas, proa lizada, roda bastante lanzada, popa en estampo, aparelada con vela rediga a terzo.
CHINCHORRO	subs. masc.	Botín auxiliar de pequeno tamaño que se pode levar a bordo dunha embarcación máis grande, utilizado especialmente para servir no porto.
BOTE	subs. masc.	Embarcación de pequeno tamaño a remo ou a vela, con proa lizada e a popa con formas variables.

Recollida de datos



1º premio Jules Verne á investigación en lingua galega convocado polo Concello de Redondela



2º premio Jules Verne á investigación en lingua galega convocado polo concello De Redondela